

## **BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 27 DE DECEMBRO DE 2012.**

### ASISTENTES:

#### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

#### Concelleiros:

- D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez
- D. José Angel Rey Seoane
- D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D<sup>a</sup>. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

#### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Anabel Corral Corral

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:00 horas do día vinte e sete de decembro de dous mil doce, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez.

Non asiste, nin xustifica a súa ausencia, o concelleiro D. Gonzalo Concheiro Coello.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Anabel Corral Corral.

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

### **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES**

Coñecida polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, as actas das sesións ordinarias do Pleno da Corporación do día 25/10/2012, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-Presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación

ás mesmas. Non son formuladas observacións polo que o Pleno municipal por unanimidade con dez votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal PSdG.- PSOE, 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto **ACORDOU**:

**ÚNICO.-** Aprobar a acta das sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 25/10/2012.

**2.- PROPOSICIÓN DE VALIDACIÓN DAS GRATIFICACIÓN APROBADAS POR HORAS EXTRAORDINARIAS TRALAS MODIFICACIONES DE CRÉDITOS TRANSFERENCIAS DE CRÉDITOS APROBADAS PARA DITO FIN**

Pola secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente:

**<<PROPOSICIÓN DE VALIDACIÓN DAS GRATIFICACIÓN APROBADAS POR HORAS EXTRAORDINARIAS TRALAS MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS TRANSFERENCIAS DE CRÉDITOS APROBADAS PARA DITO FIN**

Solicítase a aceptación do tratamento deste punto na orde do día sendo necesaria a validación polo Pleno antes de que remate o ano dos importes totais utilizados para gratificacións de persoal por esta Alcaldía que non supuxeron aumento de gastos de persoal do capítulo 1 máis si das partidas que a continuación se indican que quedaron con estes importes:

<b>Partidas:</b>	<b>Créditos definitivos:</b>
23.13001	7.620,00
92.15100	7.500,00

Realizados os expedientes de modificación de créditos número 16/2012 transferencia crédito 4/2012 e o número 13/2012 transferencia crédito 3/2012 para poder facer fronte a ditas gratificacións.

Polo presente propono que o Pleno **ACORDE**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a contía total de partidas afectadas por modificacións de créditos para gratificacións que quedan tal e como se indican ao remate do ano 2012.

<b>Partidas:</b>	<b>Créditos definitivos:</b>	<b>Gastos realizados:</b>
23.13001	7.620,00	5.226,10
92.15100	7.500,00	7.495,51

**SEGUNDO.-** Certificado deste acordo se remita os servizos contabeis para rexistro dos expedientes de modificación de créditos número 16/2012 e número 13/2012

Boimorto, 21 de decembro de 2012

O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>>

Seguidamente, de conformidade co disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, sendo ratificada por unanimidade.

Sen abrir debate pola presidencia sométese a votación o asunto co resultado de que, en votación ordinaria por unamidade o Pleno municipal **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a contía total de partidas afectadas por modificacións de créditos para gratificacións que quedan tal e como se indican ao remate do ano 2012.

<b>Partidas:</b>	<b>Créditos definitivos:</b>	<b>Gastos realizados:</b>
23.13001	7.620,00	5.226,10
92.15100	7.500,00	7.495,51

**SEGUNDO.-** Certificado deste acordo se remita os servizos contabeis para rexistro dos expedientes de modificación de créditos número 16/2012 e número 13/2012

### **3.- PROPOSICIÓN DE DECLARACIÓN DE NON DISPONIBILIDADE DE CRÉDITOS DESTINADOS A PAGAS EXTRA**

Pola secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente:

#### **<<PROPOSICIÓN DE DECLARACIÓN DE NON DISPONIBILIDADE DE CRÉDITOS DESTINADOS A PAGAS EXTRA.**

Solicítase a aceptación do tratamento deste punto na orde do día sendo necesaria a declaración de non disponibilidade de créditos afectados pola eliminación de pagas extra e en aplicación da nota informativa do Ministerio de Facenda que a continuación se indica chegada o día 24/09/2012 de convocatoria do Pleno sen que chegase resposta expresa das dúbidas plantexadas en relación con esta proposta de acordo que quedou sobre a mesa en pleno anterior.

Visto o Fax chegado a este Concello en data 24/09/2012 remitido polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con nota informativa relativa á aplicación polas entidades locais do disposto nos artigos 2 do RD Lei 20/2012 de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento de competitividade e 22 da Lei 2/2012 de orzamentos xerais do estado para o presente exercicio, no que se indica o contido destes artigos así como o seu carácter básico e a obriga das entidades locais en relación ás retribucións a percibir polo persoal o seu servizo de:

A) Supresión de paga extraordinaria e adicionais de complemento de destino ou equivalentes correspondentes o mes de decembro.

B) Reduzón das retribucións anuais previstas no importe correspondente as citadas pagas.

C) Que os importes das retribucións a percibir polo persoal no presente ano non superen en ningún caso e nos termos de homoxeneidade os abonados no ano 2011 minorados na contía das pagas a suprimir.

O que supón inmovilizar no presente exercicio os créditos previstos para o abono das citadas pagas e afectar estes créditos a aportacións a planes de pensións ou similares.

En aplicación do artigo 33 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril polo presente propono que o Pleno **ACORDE: PRIMEIRO.-** Declarar a non disponibilidade de créditos destinados ás pagas extras do persoal afectado nos termos da normativa indicada nos considerandos deste acordo, con base o informe de intervención que consta no expediente.

**SEGUNDO.-** Sinalar que dita non disponibilidade non suporá anulacións de crédito máis con cargo o saldo declarado non disponible non poderán acordarse autorizacións de gastos nin transferencias e o seu importe non poderá ser incorporado o seguinte exercicio.

**TERCEIRO.-** Comunicar o presente acordo ó Ministerio de Facenda e administracións públicas así como os servizos contabeis e administrativos os efectos oportunos.

Boimorto, 21 de decembro de 2012

O alcalde:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>>

Seguidamente, de conformidade co disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, sendo ratificada por unanimidade.

Sen abrir debate pola presidencia sométese a votación o asunto co resultado de que, en votación ordinaria por 5 votos a favor do (5 do grupo municipal PSdG-PSOE) e 5 abstencións (4 do grupo municipal do PP e 1 do grupo mixto), o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Declarar a non disponibilidade de créditos destinados ás pagas extras do persoal afectado nos termos da normativa indicada nos considerandos deste acordo por importe de 25.781,71 Euros, con base o informe de intervención que consta no expediente.

**SEGUNDO.-** Sinalar que dita non disponibilidade non suporá anulacións de crédito máis con cargo o saldo declarado non disponible non poderán acordarse autorizacións de gastos nin transferencias e o seu importe non poderá ser incorporado o seguinte exercicio.

**TERCEIRO.-** Comunicar o presente acordo ó Ministerio de Facenda e administracións públicas así como os servizos contabeis e administrativos os efectos oportunos.

#### **4.- APROBACIÓN PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2013**

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se transcribe literalmente:

##### **<<PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DE DATA 27/12/2012 SOBRE APROBACIÓN DO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS 2013**

Vistas as circulares da Deputación Provincial de A Coruña con entrada neste Concello en data 30/10/2012 e 21/12/2012 con número de rexistro de entrada 1771 e 2121 para elaborar o Plan de obras e servizos 2013.

Redactados en decembro 2012 polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid colexiado nº 4.657 os seguintes proxectos:

“Mejora del vertido de la depuradora de Lobomorto (Arceo)”, con presuposto de execución por contrata de 30.812,12 €uros.

“Mejora del vertido de la depuradora de S. Pedro de Brates”, con presuposto de execución por contrata de 54.217,03 €uros.

“Mejora de caminos en A Cabana, Aquelavila, Peizás, Panceiras y O Campo”, con presuposto de execución por contrata de 30.000,00 €uros.

“Mejora del camino de Quiñoy a Zain”, con presuposto de execución por contrata 30.000,00 €uros.

“Mejora de caminos en Santalla, Fornelos, Igrexa y Vilanova”, con presuposto de execución por contrata de 30.000,00 €uros.

Propoño ao Pleno

##### **1. A) Realización de obras:**

Que se determinen as obras a incluír no **Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2013** entre os proxectos relacionados nos considerandos desta proposta, sendo a cantidade asignada para a realización das obras de 78.451,71 €uros e aportación do Concello 0,00 €uros

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2013 que resulten ser seleccionados.

##### **B) Financiamento de gastos correntes:**

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	117.677,57
-----------------------------------------------------------------	------------

##### **C) Resumo:**

<b><u>Denominación da obra</u></b>	<b>Estado + Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Presuposto total</b>
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	78.451,71	0,00	78.451,71
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	117.677,57	0,00	117.677,57
<b>TOTAL</b>	196.129,28	0,00	196.129,28

2.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras.

3.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

5.- Autorízase á Deputación para obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6. Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Boimorto, 21 de decembro de 2012  
O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>

A continuación intervén o Sr. Alcalde para explicar o contido dos 5 proxectos incluídos na proposta a incluír no **Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2013**, indicando que deben ser elexidos tres e que se por parte do grupo municipal do PP intentan xestionar con Augas de Galicia algún dos proxectos relacionados coas depuradoras poderían elexirse os restantes.

A continuación pide o uso da palabra o Sra. Novo Gómez, quen unha vez concedido, manifesta que por parte do grupo municipal do PP poden comprometerse a facer a xestión con Augas de Galicia pero que non poden garantir que se conceda.

Rematado o debate, pola Presidencia sométese a votación o asunto co resultado de que, en votación ordinaria por unanidade o Pleno municipal **ACORDOU**:

1.- Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

**A) Realización de obras:**

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
“Mejora del vertido de la depuradora de Lobomorto (Arceo)”	30.812,12	0,00	30.812,12
“Mejora de caminos en Santalla, Fornelos, Igrexa, Vilanova y Quiñoy”	47.639,59	0,00	47.639,59
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	<b>78.451,71</b>	<b>0</b>	<b>78.451,71</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2013 e que se relacionan nesta táboa.

**B) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	117.677,57

**C) Resumo:**

<b>Denominación da obra</b>	<b>Estado + Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Presuposto total</b>

<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	78.451,71	0,00	78.451,71
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	117.677,57	0,00	117.677,57
<b>T O T A L</b>	196.129,28	0,00	196.129,28

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2013 no que se inclúe a obra que a continuación se indica e aprobar o correspondente proxecto:

Denominación da obra	Presuposto
“Mejora de caminos en A Cabana, Aquelavila, Peizás, Panceiras y O Campo”	30.000
<b>TOTAL</b>	<b>30.000</b>

3.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

6.- Autorízase á Deputación para obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7. Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### **5.- PROPOSICIÓN DE APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO MUNICIPAL EXERCICIO 2013**

Pola Secretaria dase lectura a proposición sobre a aprobación inicial polo Pleno municipal do orzamento

<< Logo de ver o expediente tramitado de Orzamento municipal para o exercicio 2013 do Concello de Boimorto, esta Alcaldía Presidencia propón que o Pleno municipal adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2013 que presenta no seu Estado de Gastos á cantidade de UN MILLON SEISCENTOS CINCUENTA E SETE MIL OITOCENTOS TRINTA E NOVE EUROS CON TRES CÉNTIMOS (1.657.839.03 €) e no Estado de Ingresos, á cantidade de UN MILLON SETECENTOS CORENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.746.259.76 €) así coma toda a documentación e anexos a él incorporados, asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

Estado de gastos		
Cap. 1	Gastos de persoal	905.716. 43 €
Cap. 2	Gastos de bens correntes e servizos	574.947, 07 €

Cap. 3	Gastos financeiros	4.000 €
Cap. 4	Transferencias correntes	11.125 €
Cap. 6	Inversións reais	162.050, 53 €
Cap. 7	Transferencias de capital	---
Cap. 8	Activos financeiros	---
Cap. 9	Pasivos financeiros	---
	TOTAL GASTOS	1.657.83 9,03 €

Estado de ingresos		
Cap. 1	Impostos directos	263.552 €
Cap. 2	Impostos indirectos	50.000 €
Cap. 3	Taxas e outros ingresos	490.005 €
Cap. 4	Transferencias correntes	812.975.45 €
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	500 €
Cap. 6	Enaxenación de inversións reais	---
Cap. 7	Transferencias de capital	129.227.31 €
Cap. 8	Activos financeiros	---
Cap. 9	Pasivos financeiros	---
	TOTAL INGRESOS	1.746.259.76 €

**SEGUNDO.-** Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2013, tal e como son presentadas.

**TERCEIRO.-** Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, a plantilla de persoal así como os anexos onde figuran as retribucións de cada posto de traballo

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

**Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes**

Hab. Nac.-Secretaría-Intervención.-A1/A2.-28.-1.-0.

Admón. Xeral.-Técnico/a xestión económica-financieira.-A2.-26.-1.-0

Admón. Xeral.-Administrativo.-C1.-22.-1.-0.

Admón. Xeral.-Aux. administrativo.-C2.-18.-1.-1.

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

**Prazas.-Vacantes.-Denominación.-Xornada.**

1.-0.-Traballador/a social.-Completa

1.-0.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.

1.-0.-Animador deportivo.-Completa

1.-0.-Técnico/a en intervención familiar-psicólogo/a.-Completa

1.-0.-Conductor camión.-Completa

1.-0.-Subalterno-conserxe peón oficios varios colexio.-Completa

1.-0.-Peón recollida lixo - tratorista.-Completa

1.-0.-Encargado de obras e servizo de urbanismo.-Completa

1.-0.-Encargado servizos municipais (auga, rede de sumidoiros, etc).-Completa

3.-1.-Auxiliares de Axuda no fogar- Completa.

1.-0.- Conductor de paleadora desbrozadora - Completa.

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

**Prazas.-Denominación.-**

1.-Auxiliar Axuda a domicilio.-Xornada 25 horas l / 2 completa

1.-Animadora cultural.-Xornada completa

- 1.-Encargado do Xulgado de Paz.-Media xornada
- 1.-Normalizadora linguística .- Xornada completa
- 2.- Mestras.- xornada completa
- 1.- Técnico dinamización turístico- económica.- Xornada completa
- 1.- Electricista .- Xornada completa
- 1.- Conductor autobús .- Xornada completa
- 2.- Persoal de limpeza .- 1 Xornada completa .-1 Xornada parcial
- 1.- Fisioterapeuta .- Xornada completa
- 2.- ATS .- 1 Xornada completa 1 Xornada parcial
- 1.- Pinche.- Xornada completa
- 8 .- Auxiliares miniresidencia .- Xornada completa

De acordo co disposto no art. 75 da Lei 7/85, RBRL publícanse as retribucións, asistencias e indemnizacións establecidas para os membros da Corporación:

- **Retribucións:** O Alcalde desempeñará a súa función en réxime de adicación exclusiva, con un soldo bruto mensual ( 14 pagas ) de 2.800 euros, o que supón un soldo bruto anual de 39.200 euros.

- **Asistencias:** Os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial, percibirán 60 euros por cada asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

- **Indemnizacións:** Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, nos términos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servicio.

**CUARTO.-** De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, , expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2013 con tódolos documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de se-lo caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

**QUINTO.-** O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do Rdl 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

**SEXTO.-** No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos , polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

**SÉTIMO.-** Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.>>

Seguidamente, de conformidade co disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, sendo ratificada por unanimidade.

Sen abrir debate pola presidencia sométese a votación o asunto co resultado de que, en votación ordinaria por 6 votos a favor do (5 do grupo municipal PSdG-PSOE e 1 do grupo mixto), e 4 abstencións, o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2013 que se presenta no seu Estado de Gastos á cantidade de UN MILLON SEISCENTOS CINCUENTA E SETE MIL OITOCENTOS TRINTA E NOVE EUROS CON TRES CÉNTIMOS (1.657.839.03 €) e no Estado de Ingresos, á cantidade de UN MILLON SETECENTOS CORENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS



CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.746.259.76 €) así coma toda a documentación e anexos a él incorporados, asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

Estado de gastos		
Cap. 1	Gastos de persoal	905.716 .43 €
Cap. 2	Gastos de bens correntes e servizos	574.947 ,07 €
Cap. 3	Gastos financeiros	4.000 €
Cap. 4	Transferencias correntes	11.125 €
Cap. 6	Inversións reais	162.050 ,53 €
Cap. 7	Transferencias de capital	---
Cap. 8	Activos financeiros	---
Cap. 9	Pasivos financeiros	---
	TOTAL GASTOS	1.657.8 39,03 €

Estado de ingresos		
Cap. 1	Impostos directos	263.552 €
Cap. 2	Impostos indirectos	50.000 €
Cap. 3	Taxas e outros ingresos	490.005 €
Cap. 4	Transferencias correntes	812.975.45 €
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	500 €
Cap. 6	Enaxenación de inversións reais	---
Cap. 7	Transferencias de capital	129.227.31 €
Cap. 8	Activos financeiros	---
Cap. 9	Pasivos financeiros	---
	TOTAL INGRESOS	1.746.259.76 €

**SEGUNDO.-** Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2013, tal e como son presentadas.

**TERCEIRO.-** Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, a plantilla de persoal

así como os anexos onde figuran as retribucións de cada posto de traballo:

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

**Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes**

Hab. Nac.-Secretaría-Intervención.-A1/A2.-28.-1.-0.

Admón. Xeral.-Técnico/a xestión económica-financieira.-A2.-26.-1.-0

Admón. Xeral.-Administrativo.-C1.-22.-1.-0.

Admón. Xeral.-Aux. administrativo.-C2.-18.-1.-1.

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

**Prazas.-Vacantes.-Denominación.-Xornada.**

1.-0.-Traballador/a social.-Completa

1.-0.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.

- 1.-0.-Animador deportivo.-Completa
- 1.-0.-Técnico/a en intervención familiar-psicólogo/a.-Completa
- 1.-0.-Conductor camión.-Completa
- 1.-0.-Subalterno-conserxe peón oficios varios colexio.-Completa
- 1.-0.-Peón recollida lixo - tratorista.-Completa
- 1.-0.-Encargado de obras e servizo de urbanismo.-Completa
- 1.-0.-Encargado servizos municipais (auga, rede de sumidoiros, etc).-Completa
- 3.-1.-Auxiliares de Axuda no fogar- Completa.
- 1.-0.- Conductor de paleadora desbrozadora - Completa.

### C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

#### **Prazas.-Denominación.-**

- 1.-Auxiliar Axuda a domicilio.-Xornada 25 horas1 / 2 completa
- 1.-Animadora cultural.-Xornada completa
- 1.-Encargado do Xulgado de Paz.-Media xornada
- 1.-Normalizadora linguística .- Xornada completa
- 2.- Mestras.- xornada completa
- 1.- Técnico dinamización turístico- económica.- Xornada completa
- 1.- Electricista .- Xornada completa
- 1.- Conductor autobús .- Xornada completa
- 2.- Persoal de limpeza .- 1 Xornada completa .-1 Xornada parcial
- 1.- Fisioterapeuta .- Xornada completa
- 2.- ATS .- 1 Xornada completa 1 Xornada parcial
- 1.- Pinche.- Xornada completa
- 8 .- Auxiliares miniresidencia .- Xornada completa

De acordo co disposto no art. 75 da Lei 7/85, RBRL publícanse as retribucións, asistencias e indemnizacións establecidas para os membros da Corporación:

- **Retribucións:** O Alcalde desempeñará a súa función en réxime de adicación exclusiva, con un soldo bruto mensual ( 14 pagas ) de 2.800 euros, o que supón un soldo bruto anual de 39.200 euros.

- **Asistencias:** Os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial, percibirán 60 euros por cada asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

- **Indemnizacións:** Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, nos términos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

**CUARTO.-** De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2013 con tódolos documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de se-lo caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

**QUINTO.-** O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do

Rdl 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

**SEXTO.-** No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

**SÉTIMO.-** Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.>>

#### **6.- RECOÑECEMENTO DE BONIFICACIÓN DO 70% NA CUOTA DO ICIO EN RELACIÓN CON OBRAS DE REPARACIÓN DE CUBERTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN POUSADA Nº 9, PARROQUIA DE MERCURIN, EN APLICACIÓN DO ARTIGO 7.1B) DA ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DO ICIO**

Pola secretaria sinálase que con data 31/10/2012 con entrada nº 1781 D. Manuel López Cajide con DNI núm. 33132886Y, presentou ante o Concello de Boimorto un proxecto para reparación de cuberta de vivenda unifamiliar en Pousada nº 9, parroquia de Mercurín, redactado polo arquitecto D. Manuel Varela Caabeiro, colexiado nº 2.117 e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 22/10/2012 adxuntando nomeamento de dirección de obra e de conformidade co disposto no artigo 7 apartado b) da Ordenanza fiscal reguladora do ICIO solicita que previos os trámites procedentes lle sexa concedida recoñecemento de bonificación do 70% do ICIO.

Visto o informe técnico que consta no expediente de data 05/11/2012.

Seguidamente, de conformidade co disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, sendo ratificada por unanimidade.

Sen abrir debate pola presidencia sométese a votación o asunto co resultado de que, en votación ordinaria por unanimidade o Pleno municipal **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** En aplicación do artigo 7b) da Ordenanza fiscal reguladora do ICIO recoñecer unha bonificación do 70% na liquidación do ICIO no acordo de outorgamento de licenza para a obra de reparación de cuberta de vivenda unifamiliar en Pousada nº 9, parroquia de Mercurín, segundo proxecto redactado polo arquitecto D. Manuel Varela Caabeiro e visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia en data 22/10/2012.

**SEGUNDO.-** Certificación deste acordo conste no expediente da licenza e sexa notificado o outorgamento de bonificación ao interesados aos efectos oportunos.

#### **7.- DACION DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA**

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía-Presidentencia ditadas entre os días; 24/10/2012 a 21/12/2012, números 328 a 408.

Pregunta a Alcaldía se algún grupo municipal ten mocións que presentar, non presentándose por outros grupos mocións o grupo municipal do PSdG.-PSOE expón moción de modificación do regulamento de funcionamento do centro de día do Concello, por unanimidade con 10 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG.-PSOE, 4 dos concelleiros do grupo

municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto aceptase a urxencia desta moción que se reproduce literalmente:

**<<MOCIÓN URXENTE DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE BOIMORTO.**

XUSTIFICANDO A URXENCIA DA MOCIÓN NA BAIXA POR INCAPACIDADE TEMPORAL DA SECRETARIA TITULAR DESTE CONCELLO ASÍ COMO NA NECESIDADE DE ENTRADA EN VIGOR DESTAS MODIFICACIÓNS EN BENEFICIO DOS USUARIOS, EXPONSE A SEGUINTE PROPOSTA DE ACORDO:

Sempre co obxectivo xeral de, nun entorno de crise económica, protexer o benestar dos habitantes do Concello de Boimorto a modificación proposta é a de reducir os prezos públicos de estancia no centro de día

Logo de ver o informe proposta da directora do Centro de día, dona Teresa Gómez Cea, no que se acredita que o importe segue a cubrir como mínimo o coste do servizo prestado de conformidade co establecido no artigo 44 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais

Propoño queo Pleno municipal adopte o presente **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aceptar a urxencia polos motivos expostos por esta Alcaldía nos considerandos da presente moción

**SEGUNDO.-** Modificar o Regulamento de funcionamento do centro de día do concello de Boimorto nos termos do anexo ó presente acordo

**TERCEIRO.-** Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

**CUARTO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

**QUINTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

**ANEXO**

**REGULAMENTO E FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE BOIMORTO.**

**Artigo 20.-**

O servizo limitarase a zona sinalada pola Dirección do Centro que abranguerá **aos usuarios do Concello de Boimorto ou que residan nun radio de 10 km tendo como punto de referencia o centro residencial, sempre e cando exista un mínimo de 3 persoas que demanden o servizo**, outros casos serán valorados pola Comisión de Valoración do Centro de día. Establecerase unha quenda de recollida

inicial as 8,00 horas coas diferentes paradas establecidas polo centro e as acordadas coas familias e outra ás 19,00 horas de regreso á casa, tendo en conta a posible modificación de horarios e rutas en función de novas incorporacións e situacións extraordinarias que podan ocorrer sempre mediante previo aviso á familia e persoal do centro. Pode haber variacións nos horarios de entradas e saídas por necesidades do centro

### ANEXO III PREZOS PÚBLICOS

Estancia:

Servizo de centro de día, todo o día. Prezo público: **500 €**

Servizo de centro de día, en media xornada con comida. Prezo público: **350 €**

Servizo de centro de día, en media xornada sen comida. Prezo público: **250 €**

En Boimorto o vinte e seis de decembro de 2012

O Alcalde

José Ignacio Portos Vázquez>>>

Sen máis intervención por unanimidade con 10 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Aceptar a urxencia polos motivos expostos por esta Alcaldía nos considerandos da presente moción

**SEGUNDO.-** Modificar o Regulamento de funcionamento do centro de día do concello de Boimorto nos termos do anexo ó presente acordo

**TERCEIRO.-** Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

**CUARTO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

**QUINTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Polo grupo municipal do PSdG-PSOE preséntase outra moción nestos termos,

**<<MOCIÓN SOBRE APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIAS DE CRÉDITOS ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO**

XUSTIFICANDO A URXENCIA DA MOCION NA BAIXA POR INCAPACIDADE TEMPORAL DA SECRETARIA TITULAR DESTE CONCELLO ASÍ COMO NO PRAZO LEGALMENTE ESTABLECIDO

PARA A CANCELACIÓN DAS OPERACIÓNS DE TESOURERÍA, EXPONSE A SEGUINTE PROPOSTA DE ACORDO:

Na execución do Orzamento Municipal do exercicio de 2012, advírtese que se ben estaba previsto crédito orzamentario na aplicación presupostaria 01.30000 para facer fronte aos gastos financeiros por intereses a estas alturas do ano resulta insuficiente.

Considerando que de conformidade co establecido no artigo 14 do **Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio**, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, en canto as operacións a curto prazo, segundo o cal: <<As operacións a curto prazo concertadas para cubrir situacións transitorias de financiación reguladas no artigo 52 do Texto Refundido das facendas locais deberán quedar canceladas a 31 de decembro de cada ano>> e logo de ver que a tramitación do presente expediente de transferencia de crédito serraría un incremento de intereses e imposibilitaría dar cumprimento ao prazo previsto na normativa exposta.

Considerando que existen tamén consignacións das que non se prevén uns maiores gastos, 92.22600, visto o informe de secretaria intervención emitido o 24 de decembro de 2012 sobre este expediente.

Por esta Alcaldía Presidencia propónse que o Pleno municipal en sesión ordinaria de data 27/12/2012 adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aceptar a urxencia polos motivos expostos por esta Alcaldía nos considerandos da presente moción.

**SEGUNDO.-** Levantar o reparo da intervención e validalo gasto financeiro por importe de 385,55 € necesario para a cancelación da operación de tesourería, póliza de crédito nº 30700033386088095267 en concepto de intereses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a modificación de crédito, transferencia de crédito, nos termos expostos nesta proposta na que as cantidades deberán ser aplicadas ás seguintes aplicacións presupostarias que son, en aumento:

APLICACIÓNS PRESUPOSTARIAS EN AUMENTO		
Presupostaria	Gastos Financeiros	Importe euros
01.30000	Intereses	385,55 €
	<b>TOTAL EN AUMENTO</b>	<b>385,55 €</b>

A diminución que supón esta transferencia terá o seu reflexo no orzamento de gastos:

APLICACIÓNS PRESUPOSTARIAS EN DISMINUCIÓN		
Aplicacións Presupostaria		Importe euros
9.55600	Gastos diversos	385,55 €
	<b>TOTAL DISMINUCIÓN</b>	<b>385,55 €</b>

**CUARTO.-** Certificación deste acordo quede no expediente de modificación así como sexa comunicado aos servizos de intervención contabeis aos efectos do seu rexistro e outros oportunos.

Boimorto, 24 de decembro de 2012  
O alcalde:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>

Sen abrir debate pola presidencia sométese a votación o asunto co resultado de que, en votación ordinaria por unanidade o Pleno municipal **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Aceptar a urxencia polos motivos expostos por esta Alcaldía nos considerandos da presente moción.

**SEGUNDO.-** Levantar o reparo da intervención e validalo gasto financeiro por importe de 385,55 € necesario para a cancelación da operación de tesourería, póliza de crédito nº 30700033386088095267 en concepto de intereses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a modificación de crédito, transferencia de crédito, nos termos expostos nesta proposta na que as cantidades deberán ser aplicadas ás seguintes aplicacións presupostarias que son, en aumento:

APLICACIÓNS PRESUPOSTARIAS EN AUMENTO		
Presupostaria	Gastos Financeiros	Importe euros
01.30000	Intereses	385,55 €
	<b>TOTAL EN AUMENTO</b>	<b>385,55 €</b>

A diminución que supón esta transferencia terá o seu reflexo no orzamento de gastos:

APLICACIÓNS PRESUPOSTARIAS EN DISMINUCIÓN		
Aplicacións Presupotaria		Importe euros
9.55600	Gastos diversos	385,55 €
	<b>TOTAL DISMUNICIÓN</b>	<b>385,55 €</b>

**CUARTO.-** Certificación deste acordo quede no expediente de modificación así como sexa comunicado aos servizos de intervención contabeis aos efectos do seu rexistro e outros oportunos.

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS**

a) Polo Grupo municipal do PP

Polo voceiro do Grupo municipal do PP realízanse as seguintes preguntas:

Pregunta en nome da Asociación de Veciños de Arceo se é posible cerrar o campo da festa, acondicionar o pavimento e facer un local no mesmo.

Pregunta se pode haber unha báscula municipal para os gandeiros.

Finaliza a súa intervención manifestando que no campo de fútbol hai oito focos que non funcionan e que están mal orientados.

B) Polo concelleiro do Grupo mixto, José Luis Rivas Cruz:

Da traslado dunha queixa do Consello escolar indicando que o colexio está frío e que por parte do Consello elaborárase un informe que traerá para sometemento ao Pleno do Concello, prosegue a súa intervención dicindo que a nova Ley Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fastidiará tando a pais como a rapaces e que todos estes aspectos serán recollidos no informe.

- Pregunta se foi aplicado o canon da auga

- Roga que se teña conciencia por parte do Concello na corta de madeira esixindo un mínimo de respecto ao Concello

- Roga que se dea traslado ao goberno central do malestar do Concello en Pleno de Boimorto que se ve afectado pola nova normativa sen ter motivo algún xa que este Concello non ten débeda algunha e que se está vendo afectado polos que gastan.
- Roga que se elaboren os proxectos técnicos en galego.
- Finaliza a súa intervención dicindo que o Muíño de Pousada cedérase para a súa restauración e que de non ser o caso que se devolva a propiedade.

O alcalde fai uso da palabra para responder ás preguntas formuladas sinalando que na Xunta de Goberno Local que tivo lugar no día de hoxe tratouse o asunto da Asociación de Veciños de Arceo acordando a necesariedade de informe técnico sobre as obras pretendidas e que con respecto o aglomerado de momento non é posible tendo en conta as previsións orzamentarias que se ben podería en principio adecentarse un pouco a pista.

Respecto do local social indica o alcalde que hai que miralo xa que está en terreo municipal é un tema que é preciso tratalo con anterioridade e se lles contestará co que se acorde. Respecto da báscula municipal sinala o alcalde que xa houbo intención de poñela pero que iso require ter a unha persoa pendente da báscula e xenera un gasto, que en outros sitios fíxose e non resulta rentable pero que con isto non quere dicir que non faga falta pero que é preciso mirar os custos de mantemento, se é rentable, é dicir que se pode estudar, que neste momento non se ten pensado facelo pero máis adiante se verá se é un servizo que poida resultar necesario.

Sobre do alumeado no campo de fútbol di o alcalde que están esperando a que mellore o tempo para reparalas que a ver se para antes do día 20, que é un privilexio coa que está caendo que se poida sequir asumindo polo concello un gasto de 7.000 ou 8.000 euros que se xenera en electricidade poidendo xogar as 4 da tarde e non as oito.

Respecto do tema do Colexio sinala o alcalde que no momento en que o Consello Escolar tome a decisión e elabore o informe que se traerá ao Pleno e se acordará o que se estime conveniente. No relativo ao canon da auga di que se pasou ao cobro agora o cuarto trimestre e non se está a cobrar o canon.

Sobre a corta de madeira indica o alcalde que é preciso modificar a ordenanza e facela máis drástica para que se cumpla.

Respecto da nova normativa aplicable aos orzamentos para o 2013 di o alcalde que xa comentou coa secretaria no momento da elaboración dos mesmos a súa intención de remitir escrito ao Ministerio de Facenda

En canto ao tema do muíño sinala o alcalde que neste momento non hai solución a esas causas.

Finaliza a súa intervención o alcalde dicindo que non se concedeu o Obradoiro de emprego solicitado en conxunto co Concello de Arzúa e Mesía que o partido popular está botando para atrás os proxectos presentados por este concello baseándose en cuestións políticas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 21:40 minutos do expresado día. Autorízase a presente actar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE,

A SECRETARIA,



Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez